

Aquí tedes uns consellos para conseguir que o voso fillo teña unha boa técnica de estudo:

Empezar desde a Educación Primaria a **disciplina do estudo**, que os nenos se acostumen a facer os deberes e a dedicar un tempo o día as tarefas escolares, para que cheguen a Secundaria con este hábito xa adquirido.

Facer que o neno teña unha **rutina** tódalas tardes: merendar, xogar e a unha hora en concreto, poñerse a estudar sen discusión.

Si hai unha pauta de estudo, conseguiredes que non cheguen o día antes dun exame coa lección sen aprender.

**Traballar con eles** ata que adquiren o hábito de facelo solos, pero non se trata de facerlles os deberes, senón orientalos para que eles dean as respostas correctas.

### CONSELLOS PARA CREAR BOS HÁBITOS DE ESTUDO (Pais)

#### PROPICIAR UN LUGAR DE ESTUDO ADECUADO

- ✓ Un lugar propio, ben iluminado, tranquilo e sen ruídos.
- ✓ Coa súa propia mesa e uns estantes para poder telo todo ordenado e o seu alcance.
- ✓ Si se ten que estudar nun espazo común, apagar o televisor i evitar distraccións.
- ✓ Evitar a televisión, equipos de música ou xogos dentro do cuarto de estudo, e o ordenador.

#### FIXAR UN HORARIO PARA ESTUDAR E FACER AS TAREFAS:

- ✓ O principio débese supervisar e animar a que se cumpra.
- ✓ O horario debe estar escrito nun lugar visible do cuarto de estudo.
- ✓ Condicionar o tempo de ocio o traballo ben feito.

#### CREAR BOS HÁBITOS DE ESTUDO:

- ✓ Axudarlle a organizarse e aproveitar o tempo de estudo.
- ✓ A pauta para facer deberes é: **primeiro estudar a pregunta** e repasar o aprendido na clase e despois responder os exercicios.
- ✓ Ensinarlle onde pode consultar as dúbidas que lle xurdan.
- ✓ Axudar a preparar os controis: a moitos nenos axúdalles facer un **resumo** do que leron no libro de texto para poder comprender e memorizar mellor o contido.
- ✓ **Subliñar** o contido importante dun texto axudarlle a fixar coñecementos.
- ✓ Estimular o traballo diario, evitando deixar tarefas para última hora.
- ✓ Intercalar pequenos descansos de cinco minutos cada media hora.
- ✓ Animalo a enfrontarse as dificultades e frustracións.
- ✓ Eloxar sempre o seu esforzo e avances, por pequenos que parezan.
- ✓ Axudar só cando sexa necesario, para que o neno non se acomode.